

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**" "ALUGAMENTO DE VEHÍCULOS PARA O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO" - ADXUDICACION PROVISIONAL:** Visto o expediente tramitado en procedemento aberto para a contratación do alugamento enunciado, resulta que foron presentadas as seguintes proposicións:

**PLICA NUM. UN:** Da empresa **ALVEGAL, S.L.**, de Vilagarcía de Arousa, rexeitada por non cumprir o determinado nos pregos de prescricións técnicas en canto ás características técnicas dos vehículos ofertados.

**PLICA NUM. DOUS:** Da sociedade **EMPRESA MONFORTE, S.A.**, de Lugo, que oferta o devandito alugamento polo prezo de **107.741,52 Euros/ano, sen IVE**. Puntuación: **23,39**.

Vista a oferta admitida e máis a proposta de adxudicación formulada ao respecto pola Mesa de Contratación, fiscalizada pola Intervención Municipal, esta Alcaldía resolve:

*Primeiro:* Adjudicar provisionalmente o "*Alugamento de vehículos para o parque móbil do Concello*" á sociedade **EMPRESA MONFORTE, S.A.**, polo prezo de **107.741,52 Euros/ano, sen IVE** ofertado na súa *proposición económica*, con suxeición aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen esta contratación.

*Segundo:* Pasados 15 días hábiles dende o seguinte ao de publicación desta resolución no perfil de contratante, elevarase a definitiva esta adxudicación provisional. Dentro do citado prazo de 15 días, o adxudicatario deberá cumprir o disposto na cláusula 20 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen esta contratación. O respectivo contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao de notificación da adxudicación definitiva".-----

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, en Sanxenxo a quince de marzo do dous mil dez.



**A ALCALDESA,**

**Asdo. Catalina González Bea**



**ANTE MIN, SECRETARIO,**

**Asdo. Ángel Luis López Pita**